

FUNDACIÓN MONTESCOLA

O 15 de novembro de 2021 tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de acceso á información pública presentada por _____, en nome e representación da FUNDACIÓN MONTESCOLA, ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

No dito escrito solicítase acceso á documentación do expediente relativo á proposta "Novos modelos para a competitividade turística na ría de Muros-Noia da ADR Muros-Noia", promovido pola Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría de Muros-Noia, e aos informes, oficios e resolucións que sobre a mesma obren en poder da Xunta de Galicia.

Con base ao exposto, esta Dirección da Axencia Turismo de Galicia **resolve inadmitir o acceso á información** á que se refire a solicitude presentada pola persoa interesada en base ao artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, por referirse a información que está en curso de elaboración.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes. En ambos os dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

A directora de Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez